

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027216	IES Fernando Esquío	Neda	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	44
4.2. Materiais e recursos didácticos	44
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	45
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	45
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	46
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	47
6. Medidas de atención á diversidade	47
7.1. Concreción dos elementos transversais	49
7.2. Actividades complementarias	50
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	50
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	51
9. Outros apartados	53

1. Introdución

A materia de Lingua Galega e Literatura mantén en bacharelato unha continuidade coa etapa anterior, á vez que ten uns fins específicos en consonancia cos obxectivos desta etapa. Así, a educación lingüística e literaria debe contribuír á madurez persoal e intelectual da mocidade; brindar os coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan participar na vida social e exercer a cidadanía democrática de maneira ética e responsable, así como capacítala para o acceso á formación superior e ao futuro profesional de maneira competente.

O obxectivo da materia de Lingua Galega e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe á progresión no desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura en bacharelato marcan unha progresión a respecto dos da educación secundaria obrigatoria dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento a respecto da etapa anterior estriba nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Propónse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que incida nesta etapa na relación continua entre o pasado e o presente.

O primeiro dos obxectivos da materia afonda no recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, especialmente do portugués e as súas variantes noutros territorios como O Brasil, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, combater prejuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística. Os cinco obxectivos seguintes refírense á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro refírense á comunicación oral; o cuarto, á comprensión lectora; o quinto, á expresión escrita e, por último, o sexto pon o foco na alfabetización informacional. A seguir, os obxectivos séptimo e oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Os textos académicos son os que constrúen a formación científica e humanística de cada estudiante nesta etapa; os textos dos medios de comunicación, os que os poñen en contacto coa realidade social, política e cultural do mundo contemporáneo. Por iso, o traballo interdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento.

A respecto da competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. O desenvolvemento da educación lingüística e literaria exixe nesta etapa unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación más reflexiva aos usos orais e escritos.

Para cada obxectivo formúlanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado en cada un dos cursos. Teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama recursos e instrumentos de avaliação variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Dado o enfoque inequivocamente competencial da educación lingüística, a gradación entre os dous cursos non se establece tanto mediante unha distribución diferenciada de saberes, senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de interpretación ou de producción requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos, ou o grao de autonomía conferido ao alumnado. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliação gardan paralelismo nos dous cursos e continuidade evidente cos de etapas precedentes.

Os criterios de avaliação e os contidos distribúense en catro bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», afonda no recoñecemento da diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prejuízos e estereotipos lingüísticos.

O segundo bloque, «Comunicación», integra todos os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoo ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que han de acompañar ambos os desempeños. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de

interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre textos a través da lectura en profundidade dalgunhas obras relevantes da literatura galega e tamén da lusófona. Convida ao deseño,

para cada un dos cursos, de itinerarios lectores que serán obxecto de lectura guiada na aula e que inscriben os textos no seu contexto de producción e na tradición cultural, á vez que tenden pontes cos contextos contemporáneos de recepción. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Galega e Literatura deben adestrar o alumnado no uso dos recursos que lle permitirán afrontar os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas cara ás diferenzas; competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; con capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento, e para aprender por si mesmas, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural propio, a defensa dos dereitos humanos, e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado, convida ao tratamento integrado das linguas como a mellor canle para estimular non só a reflexión interlingüística, senón tamén a proximación aos usos sociais reais, en que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou más linguas.

No marco galego, dada a proximidade xeográfica e os vínculos socioculturais entre Galicia e Portugal, a reflexión interlingüística no bacharelato cobra unha dimensión maior. Así, os coñecementos básicos de portugués aprendidos na educación secundaria obligatoria deberán ser o punto de partida para desenvolver contidos e estratexias que, alén de facilitar a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional das mozas e mozos galegos. Con este fin, os centros educativos, a través do equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos e culturais entre o alumnado dos dous territorios (encontros, concursos, festivais...).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prejuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, reconhecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidad e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidad das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de producción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lingua e comunicación. O galego como lingua románica. Do latín ao galego.	Sociedade e comunicación humana. Elementos que interveñen no acto de comunicación. Funcións da linguaxe. O signo lingüístico: significante e significado. A dobre articulación da linguaxe. A lingua como sistema. As variedades lingüísticas. Rexistros. O substrato. O superestrato. O nacemento das linguas romances. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	1	3	X		
2	Un mundo de linguas.	A orixe do multilingüismo e a ecoloxía das linguas. Conflito e diglosia. Linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas. A	6	4	X		

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Un mundo de linguas.	realidade lingüística en Europa. A diversidade lingüística no estado español.A lusofonía.	6	4	X		
3	O nome. O texto descriptivo.	O nome substantivo. O nome adxectivo. Tipoloxía dos textos descriptivos. Características. Ámbitos de uso.	6	6		X	
4	Os pronomes . O texto dialogal.	Pronomes persoais, relativos, interrogativos e exclamativos. Características do texto dialogal.Tipoloxía . Estrutura e regras da conversa.	6	6		X	
5	Palabras adnominais. O texto expositivo.	O artigo, o demostrativo, o posesivo, identificadores, ordinais e cuantificadores. Tipoloxía e características dos textos expositivos. A lingua xe científica e didáctica.	6	6		X	
6	O verbo I O texto narrativo.	Definición e clasificación do verbo. Verbos regulares, semirregulares e irregulares. Modos e tempos verbais. Características formais e lingüísticas do texto narrativo.	6	6			X
7	O verbo II. O texto argumentativo.	As formas non persoais do verbo. As perifrases verbais. Tipoloxía e características dos textos argumentativos. Tipos de argumentos.	6	6			X
8	Adverbios.Preposicións. Conxuncións. Comentario crítico de textos.	Adverbios, preposicións e conxuncións. Estrutura do texto. Resumo , tema e comentario crítico.	8	6			X
9	Introdución xeral á literatura galega. Comentario de textos literarios.	Que é a literatura?A que chamamos literatura galega? Claves ,periodización e axentes do sistema literario galego. Comentario de textos poéticos, narrativos e teatrais.	8	2	X		
10	O galego na Idade Media. A literatura galego-portuguesa medieval.	Contexto histórico social e cultural.A lingua na Idade Media. As orixes da poesía romance.A cultura trobadoresca e as vías de penetración.Etapas na poesía medieval galego-portuguesa. O espectáculo trobadoresco: autores e intérpretes. A tradición manuscrita.	8	8	X		
11	A lírica profana medieval. Cantigas amorosas.	A cantiga de amigo. A cantiga de amor.	8	8	X		
12	Cantigas de burlas. Xéneros menores, Cantigas de Santa María e prosa medieval.	Cantigas de burlas, xéneros menores, cantigas de Santa María. A prosa medieval.	10	8		X	
13	Os Séculos Escuros, a Ilustración e o pre-Rexurdimento. A literatura galega nesta época.	A lingua nos Séculos Escuros , na Ilustración e no pre-Rexurdimento. A literatura oral e popular.Os textos cultos dos Séculos Escuros. A literatura ilustrada e do pre-rexurdimento.	10	9		X	
14	A lingua galega no tempo do Rexurdimento. Claves do Rexurdimento. Os	Galiza no XIX. A lingua no XIX. Claves do Rexurdimento e os Precursores.	5	9			X

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
14	precursores.	Galiza no XIX. A lingua no XIX. Claves do Rexurdimento e os Precursores.	5	9			X
15	O Rexurdimento pleno I.Rosalía de Castro.	Biografía. A singularidade de Rosalía. O compromiso social, feminismo.Obra literaria. Principais trazos lingüísticos e estilísticos.A escola rosaliana. Poesía costumista de fin de século.	5	9			X
16	O Rexurdimento pleno II.Pondal. A escola pondaliana. Curros Enríquez. A súa escola poética. A prosa e o teatro do Rexurdimento.	Biografía e obra poética de Pondal. Principais liñas temáticas. Lingua e estilo de Pondal.A escola pondaliana. Biografía e obra poética de Curros. Principais liñas temáticas e ideolóxicas. Lingua e estilo . A escola poética de Curros e a poesía finisecular. A prosa e o teatro do Rexurdimento.	1	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Lingua e comunicación. O galego como lingua románica. Do latín ao galego.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece e valora as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito galego-portugués. É consciente da súa orixe e avolución		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e corrixe os usos discriminatorios da linguaxe, tanto orais como escritos.	PE	82
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica a información relevante e a estrutura de diferentes textos prestando atención aos distintos elementos do proceso comunicativo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analiza e critica diferentes tipos de textos orais e escritos segundo as súas características. Valora a canle máis axeitada.		
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica e valora o contido e a estrutura de diferentes tipos de textos orais e escritos, Sobre todo aqueles que reflexionan sobre o propio código		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Planifica e elabora textos atendendo a os elementos da comunicación e ás distintas funcións da linguaxe.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Emprega e valora o uso da función poética para a mellora de calquera texto oral ou escrito.		
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Analiza e elabora traballos arredor do signo lingüístico e a lingua como sistema		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacóns, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Manexa dunha maneira crítica as fontes de información.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Recoñece e corrixe estereótipos e prexuízos lingüísticos e respecta a diversidade.	TI	18
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Escoita con atención e percura consensos que slucionen conflitos.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Elabora exposicións orais adecuadas, coerentes e cohesionadas. Recoñece o uso das funcións lingüísticas.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escucha activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa na exposicións orais e no traballo colectivo dun xeito activo e adecuado. Empega a función xpresiva e fática dunha manira consciente e axeitada.		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	É capaz de valora o emprego da canle más axeitada, a linguaxe non verbal e a presenza de diferentes función da linguaxe para o proceso comunicativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas más salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracions institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, producción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, producción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación. - Procesos de comprensión, producción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración

Contidos

- da forma e contido do texto.
- Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.

UD	Título da UD	Duración
2	Un mundo de linguas.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvimento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscaro e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece e valora a importancia da Lusofonía como ámbito de desenvolvemento e intercambio para a lingua galega.	PE	63
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Entende, recoñece e valora os conceptos de bilingüismo e diglosia e doutros relacionados coa presenza a lingua na sociedade.		
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica, entende e valora distintos textos relacionados coa sociolinguística.		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analiza textos realacionado coa realidade lingüística de Europa .Distingue entre linguas minoritarias. maioritarias, minorizadas e hexemónicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elabora textos sobre a realidade lingüística na Galiza e a súa relación con outras linguas ou países.		
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traallos audiovisuais sinxelos sobre temas de sociolingüística. Busca información en diferentes fontes e valora a súa fiabilidade.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Cuestiona erxeita os prexuízos que se dan arredor da Lusofonía.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	É consciente da necesidade dos procesos de noralización das linguas e deféneos dunha maneira axeitada e dialogada.	TI	37
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Emprega con corrección as propiedades textuais e normas de ortografía, mellorando e enriquecendo os textos.		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Valora e analiza as diferentes noticias que aparecen arredor do uso da lingua a través de diversos medios e canles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas más salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.

Contidos

- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracíons institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.
- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, producción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, producción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, producción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calida-de e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e res-pectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de diccionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
3	O nome. O texto descriptivo.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global e a estrutura dos textos descriptivos.	PE	85
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece e valora os distintos textos descriptivos segundo o obxecto da descripción e a súa estrutura.		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elabora distintos tipos de descripcións cumplindo as propiedades textuais		
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Redixe traballos de investigación arredor dos contidos impartidos até agora, empregando diversas fontes e valorando a súa fiabilidade.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e organiza os seus propios textos a partir do coñecemento do nome substantivo/adxectivo revisando a súa concordancia e outras normas de uso.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizáns, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma diccionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Analiza as características do nome substantivo/adxectivo e relaciónaas cos orixe da lingua e a súa relación con outras linguas que teñen a mesma orixe		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Emprega as características dos textos descriptivos, adxectivación, tempos verbais... para enriquecer os seus propios textos , sen repeticións e cun léxico variado.	TI	15
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Avalía dunha maneira crítica a veracidade das fontes de información impresas ou dixitais facendo uso das ferramentas adecuadas e cunha actitude crítica		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a relación entre o uso adecuado do nome substantivo/adxectivo, xénero , número... e os seus efectos no proceso comunicativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Analiza a obra de Rosalía, as suas características formais, significado, recursos estilísticos. É capaz de contextualizala e mitir xuízos de valor bem argumentados.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega (e tamén da lusófona) obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elabora traballos de investigación sobre a relación de Rosalía e a lusofonía, as influencias que recibiu e as que exerceu. Recoñece tópicos literarios e temas comúns. Tamén con outros autores e manifestacións artísticas.	PE	90
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Elabora traballos escritos e orais e fai exposicións empregando diferentes canles sobre a escola rosaliana e a poesía costumista da fin de século.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalinguística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus propios textos e corríxeos a partir dos seus coñecementos gramaticais e literarios. Escolle aqueles procedementos que faciliten a transmisión de información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le e escolle de manira autónoma textos de Rosalía, en verso e prosa e analízaos criticamente.	TI	10
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Relaciona a obra de Rosalía de Castro con outras lecturas ou obras diversas, argumentando a súa relación e significado e influenza na lietartura posterior.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construcción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
16	O Rexurdimento pleno II.Pondal. A escola pondaliana. Curros Enríquez. A súa escola poética. A prosa e o teatro do Rexurdimento.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica e valora a información relevante e a intención do emisor nos textos que tratan das características do Rexurdimento e a importancia das figuras de Curros e Pondal		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos de Curros e Pondal, as súas características formais, o seu significado e a súa clasificación e importancia dentro da súa obra e da literatura galega.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Analiza a obra de Curros e Pondal, as suas características formais, significado, recursos estilísticos. É capaz de contextualizala e emitir xuízos de valor ben argumentados.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega (e tamén da lusófona) obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elabora traballos de investigación sobre a relación de Curros e Pondal coa lusofonía, as súas influencias... Recoñece tópicos literarios e temas comúns. Tamén con outros autores e manifestacións artísticas.	PE	90
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Elabora traballos escritos e orais e fai exposicións empregando diferentes canles sobre a literatura galega posterior, as posible relacións con Cabanillas e Celso Emilio		
CA3.8 - Revisar os propios textos e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus propios textos e corríxeos a partir dos seus coñecementos gramaticais e literarios. Escolle aqueles procedementos que faciliten a transmisión de información.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le e escolle de manira autónoma textos de Pondal e Curros, en verso e prosa e analízaos criticamente.	TI	10
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Relaciona a obra de Pondal e Curros con outras lecturas ou obras diversas, argumentando a súa relación e significado e influenza na lietartura posterior.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construcción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concreciones metodolóxicas

A sociedade actual require a capacidade de enfrentarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concretase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfocando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándoo a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela.

A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter moi en conta á hora de programar as nosas actividades docentes. Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as más deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

- Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais.
- Proporcionar e traballar con textos de distinta tipoloxía e natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos existentes para a obtención da información.
- Propiciar a implementación de procesos de busca guiada da información, tanto na biblioteca coma na internet ou outros medios e fontes, así como a composición satisfactoria de textos utilizando distintos soportes.
- Propiciar non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, a elaboración de discursos argumentativos e o espírito crítico e cooperativo.
- Facer lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
- Propiciar dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.

A metodoloxía será, pois, dinámica e participativa: fomentarase o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación da profesora ou profesor. A función do ensinante consistirá, sobre todo, en organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistrais e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión.

O método baseárase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e producción de textos de diversos tipos. Aproveitando o método de ensino unitario da lingua e a literatura, procurarase en ocasións a coincidencia de textos para análise literaria e para análise lingüística; ademais, empregaránse outros textos non literarios para recoñecer e analizar os procesos de construcción textual co obxectivo de que o alumnado elabore os seus propios textos conforme eses procedementos construtivos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
MATERIAIS E RECURSOS 1º BACHARELATO

Canto aos materiais, traballarase co libro de texto (Lingua e Literatura 1º Bacharelato, da autoría de Isabel González Avión, Emilio Xosé Insua López e Ramón Rocamonde Gómez, publicado polo Consorcio Editorial Galego con ISBN 9788499954004), que as alumnas e alumnos manexarán de xeito bastante autónomo, facendo as súas consultas guiados polo/a profesor/a, realizando as actividades e comentarios de texto que nel se propoñen e, finalmente, elaborando as súas propias notas, guións, resumos e esquemas para desenvolver os distintos temas. Ademais, preténdese que o alumnado faga un manexo Enriquecedor das novas tecnoloxías. Tendo en conta o antedito, o libro

do texto completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas de traballo e cadernos de traballo.
- Presentacións dixitais preparadas pola profesora/profesor ou polo propio alumnado.
- Fontes bibliográficas diversas, como diccionarios enciclopédicos, coleccións de historia de Galiza e de historia universal, coleccións de arte, atlas xeográficos, libros de divulgación...
- Vídeos en DVD ou na Rede.
- Páxinas Web e blogues sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise.
- Murais temáticos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O punto de partida será unha avaliación inicial ao principio de curso. Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que se realizará durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a marcha do alumnado e da que formarán parte todas as actividades levadas a cabo ao longo de cada período avaliatorio.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	1	6	6	6	6	6	6	8	8	8
Proba escrita	82	63	85	70	85	85	85	85	80	75
Táboa de indicadores	18	37	15	30	15	15	15	15	20	25

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	10	10	5	5	1	100
Proba escrita	85	75	80	90	90	90	81
Táboa de indicadores	15	25	20	10	10	10	19

Criterios de cualificación:

Realizarse unha avaliación continua, xa que unha materia de carácter instrumental como é o caso da de Lingua e Literatura Galega debe manter ese sistema pola imposibilidade de illar uns obxectivos doutros. O punto de partida será unha avaliación inicial ao principio de curso. Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que se realizará durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a marcha do alumnado e da que formarán parte todas as actividades levadas a cabo ao longo de cada período avaliatorio. Con carácter xeral, haberá probas que serán consontes coa metodoloxía de traballo e as actividades desenvolvidas.

Así mesmo haberá actividades de recuperación para o alumnado que non acade o grao mínimo dos indicadores de logro no tempo dos períodos avaliatorios trimestrais. Completarase cunha avaliación sumativa, que valorará ao final do curso o grao de consecución obtido polo alumno respecto aos obxectivos previstos.

En caso de non alcanzar estes obxectivos, existirá un exame extraordinario en xuño onde obrigatoriamente se acudirá para examinarse de toda a materia. Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); o seu comportamento xeral; a actitude de traballo, interese e respecto amosados na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, as lecturas e traballos realizados. A realización de lecturas e traballos por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta Ordinaria ou Extraordinaria.

Para a avaliación terase en conta, loxicamente:

- O seguimento da alumna/o día a día a través do caderno e das actividade cotiás, así como a súa actitude na aula.
 - As probas e traballos efectuados para comprobar a realización e aproveitamento das lecturas obligatorias.
 - Asemade, o alumnado que realice actividades voluntarias organizadas ou en colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura, como por exemplo, participación en xornadas, concursos orais ou escritos, revistas en papel ou dixitais, blogues, recitais de poesía, verase recompensado cunha cualificación positiva na nota da avaliación.
 - As probas, tanto orais como escritas, realizadas ao longo do trimestre para valorar a evolución do alumno/a e o seu grao de logro dos obxectivos.
 - A avaliación aprobarase cunha cualificación mínima de 5.
- Dúas probas escritas por cada trimestre. Valoraranse ata un máximo de 7 puntos no conxunto da avaliación. A esa nota sumáranselle os puntos restantes.
- Estas dúas probas farán media, pero nunca con menos de 3,5, e a media das dúas debe acadar o cinco.
 - Haberá exames de recuperación para aquelas probas que non cheguen ó 3,5.
 - A oralidade en galego na práctica diaria da clase e na exposición de traballos ou se for o caso na proba oral de lectura ,sumará ata 1 punto.
 - Proba da lectura correspondente a cada trimestre (libro obligatorio), na que, a través do comentario de diferentes aspectos do libro, se demostrará que se leu e que se comprendeu a obra. Este exame valorarase ata un punto e sumarase á nota de avaliación.
 - Hai a posibilidade de facer unha lectura optativa. O alumno que faga esta lectura obterá, se é o caso, un máximo de 0.5 na nota de avaliación.
 - Traballos escritos que se manden realizar ao longo do trimestre. Sumarán ata 1 punto na nota da avaliación.
 - O alumnado deberá aprobar as tres avaliacións cun mínimo dun cinco; se o alumno non superase unha das avaliacións pero a media chega a cinco non precisará ir á proba extraordinaria de xuño. Caso contrario si deberá facer este exame de recuperación de carácter global. Nel os contidos terán unha valoración do 90%, reservando o 10% restante á lectura dunha obra.

Criterios de recuperación:

Os/as alumnos/as que non alcancen este mínimo teñen a posibilidade de realizar nas semanas seguintes á avaliación aquellas probas ou actividades propostas polo profesorado para facelo, así como modificar actitudes ou hábitos de traballo na avaliación seguinte. Para aqueles que non superen a materia, haberá un exame extraordinario no mes de xuño.

No cálculo da media de final de curso as lecturas optativas así como traballos voluntarios relacionados co departamento de Galego ou de Dinamización serán tidos en conta.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Segundo o "artigo 26. Título de graduada ou graduado en educación secundaria obligatoria", para o alumnado co devandito título non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

6. Medidas de atención á diversidade

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, as medidas de atención á diversidade que deben atender ao principio de inclusión educativa enténdese como «o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado».

Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, as Administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Aínda que no momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia, e aínda pendentes da avaliación inicial teremos en conta as seguintes circunstancias:

1. Unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificado, se escolarizan tardíamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgúnha das lingua oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

2. Os centros docentes garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación. Os centros docentes informarán e asesorarán as nais, os pais ou as persoas titoras legais sobre os dereitos, os deberes e as oportunidades que comporta a incorporación ao sistema educativo galego. Á parte disto, tamén poderá optar a unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos, segundo o disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

A nivel metodolóxico, durante o desenvolvemento da clase de Lingua Galega, faráselle un reforzo na aula con exercicios adaptados que irán progresivamente incrementado o grao de complexidade para que poida ir seguindo, na medida do posible, o ritmo do resto da clase.

Amais disto, ao longo de cada unidade, proporánse actividades de reforzo e consolidación en Lingua Galega dos contidos impartidos na aula.

Aplicaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos para potenciar a zona de desenvolvemento próximo, favorecerase a titoría entre iguais, e outras medidas que promovan a súa inclusión.

Á parte disto, terán prioridade os métodos que favorezan a expresión directa e a comunicación, como por exemplo, a argumentación oral formal . o intercambio de gustos lectores a través de conversas literarias na biblioteca. Introduciranse contidos relacionados coa diversidade sociocultural e persoal.

Este plan ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumno para tratar de superar as dificultades detectadas. Elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesor/a titor/a, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos, as seguintes partes:

- a) Identificación do alumnado.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Posteriormente, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Segundo o disposto no artigo 13.4. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, en caso de non superar algúna materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar.

Por outra parte, as actuacións metodolóxicas que se levan a cabo neste caso teñen que ir orientadas a elaborar actividades que teñan diferentes graos de realización, introduciranse unha ampla variedade de actividades individuais, que se adecúen ao ritmo de traballo de todo o alumnado, con especial atención a este caso. Tamén é preciso situar o alumno preto da mesa da/o docente para poder prestarlle unha atención individualizada. Realizaránselle actividades de reforzo e consolidación en cada unidade didáctica. Desenvolverase unha avaliación formativa orientada a valorar o proceso e o avance na consecución dos obxectivos.

No Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro educativo deberán concretarse as medidas que se tomen en Bacharelato co alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Como se pode apreciar nestes dous casos de NEAE, estas son medidas de carácter ordinario que teñen o propósito de prestar unha atención educativa de calidade, inclusiva e para a diversidade, e non repercuten nos obxectivos, contidos, nin nos criterios de avaliación.

No caso de que ao longo do curso se matricule algún alumno ou alumna con algúna destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade e respecto.	X	X						
ET.6 - Educación cívica e constitucional.	X	X						

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade e respecto.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación cívica e constitucional.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observación:

A materia de Lingua galega e Literatura en 1º de bach é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e a educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística. Ademais, o propio deseño do libro de texto do Consorcio Editorial Galego para 1º de Bacharelato que se usará como libro de texto explicita actividades en relación cos criterios de avaliación e os indicadores de logro referidos á igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como á prevención da violencia de xénero.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. A igualdade, a non discriminación, racismo, violencia de xénero. Como exemplos sobranceiros podemos poñer os contidos curriculares e as actividades relacionadas coas obras literarias dos autores e autoras da Ilustración, dos precursores do Rexurdimento e coas figuras de Curros, Pondal e Rosalía.

A organización e o desenvolvemento curricular da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Referímonos a actividades como recitais, representacións teatrais, debates, concursos de contacontos, xornadas sobre aspectos culturais, clubs de lectura, revistas e publicacións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Recoñecemento das pegadas medievais	O alumnado visitará a cidade de Santiago e dunha maneira guiada comprobará a presenza dos elementos medievais.	X		
Roteiros de Rosalía e Pondal	O alumnado coñecerá o contexto onde se desenvolveu a obra destes escritores do Rexurdimento.			X
Asistencia obras de teatro	Na medida das nosas posibilidades, procuraremos asistir a algunha obra de teatro.	X	X	X
Presenza de autoras no centro	Para falar da súa obra e que o noso alumnado coñeza os procesos de creación.	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias están suxeitas a moitos cambios e non podemos garantir que sexan estas ou outras semellantes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.

- | |
|--|
| 3. Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado |
| 4. Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado. |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. |
| 7. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. |
| 8. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado. |
| 9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| 10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. |
| 11. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. |
| 12. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa |
| 13. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. |
| 14. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. |
| 15. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. |
| 16. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe. |

Descripción:

Ao final de cada avaliación os membros do Departamento reuniranse para analizar os resultados da mesma e ver en que medida se lograron os obxectivos propostos para ese trimestre. Os nosos indicadores de logros fundamentaranse en se se conseguiu impartir o 80% de materia proposta e se a porcentaxe de aprobados supera as tres cuartas partes do grupo a avaliar. A partir dos resultados obtidos, reformularase a práctica docente para mellorar as desviacións con respecto a devanditos indicadores. Todas as modificacións que se vaian facendo ao longo do curso, recolleranse na memoria final de curso.

Estes indicadores de logro valoraranse segundo unha escala do 1 ao 4.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O departamento de Lingua Galega e Literatura co fin de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas, realiza unha reunión semanal onde, ademais de abordar as cuestións puntuais que vaian xurdindo (información e preparación de CCP, adquisición de material, organización de actividades propias ou en colaboración coa Biblioteca), se comentan e toman decisións sobre os problemas que van aparecendo na posta en práctica das programacións de aula, así como o seguimento a pendentes e alumnos con necesidades educativas especiais. Moitas destas decisións son recollidas nas actas das reunións e os acordos, ademais de ir afectando á marcha do curso, reflectiranse na memoria final do departamento para seren tidos en conta na programación didáctica do curso seguinte. Ademais, tamén analizamos os resultados de cada avaliación para tomar medidas que poidan suplir posibles carencias ou problemas que se detecten en cada grupo.

A avaliación da programación didáctica é un dos aspectos fundamentais do traballo docente, xa que permite determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

A adecuada posta en marcha de mecanismos de avaliación da programación propiciarán unha notable mellora do traballo nas aulas. Porén, debemos ter en conta que materiais, metodoloxías, recursos, actividades etc. que funcionan durante un curso poden non facelo no seguinte, posto que o factor humano do alumnado e a súa diversidade xoga un papel determinante no noso traballo diario. Para tratar de paliar no mínimo estes inconvenientes debemos contar cun bo repertorio de materiais flexíbeis e apoiarnos en metodoloxías que permitan as adaptacións curriculares que sexan precisas.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación / causas de non cumprimento, reflexión sobre as posíbeis situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

VALORAREMOS:

A -Puntos fortes da programación. B- Puntos fracos da programación. C- aspectos a manter no próximo curso. D- aspectos a mellorar no próximo curso

1- Cumprimento dos obxectivos xerais da programación.

2-Desenvolvemento das unidades didácticas.

3-Desenvolvemento das actividades programadas.

4-Funcionamento das metodoloxías aplicadas.

5-Utilización de recursos e materiais didácticos.

6-Consecución dos estándares de aprendizaxe.

7-Funcionamento dos procedementos de avaliación.

8-Pertinencia dos instrumentos de avaliación.

9-Eficacia das medidas de recuperación. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

10-Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa.

11-Dinámica do grupo.

12-Participación en actividades extraescolares e complementarias.

13-Medidas de atención á diversidade.

14-Favorecemento da multidisciplinariedade.

15-Favorecemento do tratamento integrado de linguas.

16-Factores que favoreceron o cumprimento da programación.

17-Causas de non cumprimento da programación.

9. Outros apartados